5	Poio	2026055207	G36337426	ASOCIACION CULTURAL FOULA	Liña 1: Adquisición de vestiario	Desistencia da solicitude
6	Pontevedra	2026055711	G36482347	ASOC GALEGA DE PERCUTAS OMAR	Liña 1: Adquisición de instrumentos musicais	Non encaixa nas bases: base 5ª: excluídas as batucadas
7	Pontevedra	2026055280	G94098241	ASOCIACION CULTURAL DO TRAXE TRADICIONAL PONTEVEDRA	Liña 1: Adquisición de vestiario	Non encaixa nas bases: base 5ª: non conta con ningunha formación musical estable
8	Sanxenxo	2026062240	G36210979	ASOCIACION CULTURAL LEMBRANZAS PORTONOVO	Liña 1: Adquisición de instrumentos musicais e vestiario	Non atender a un requirimento, facelo fora de prazo ou presentalo en prazo pero incompleto
9	Vigo	2026050525	G36626802	CENTRO CULTURAL ARTISTICO Y RECREATIVO RUEIRO DEL CRISTO DE LA VICTORIA DE COIA DE VIGO	Liña 1: Adquisición de instrumentos musicais e vestiario	Solicitude presentada fora de prazo
10	Vilagarcía de Arousa	2026062242	G22791685	ASOC CULTURAL AS GHARBOSAS	Liña 1: Adquisición de instrumentos musicais	Desistencia da solicitude

O xefe do Servizo de Cultura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Concedidas liña 2 (reparación de instrumentos e vestiario):

Deputación Pontevedra

Denominación: **INSTRUMENTOS E VESTIARIO (CAPÍTULO IV)**
Referencia: **CU_G/26**
Relación: **RELAC/2026000088 DE DATA 22/10/2026**
Importe relación: **50.000,00 €**
Importe concedido: **33.955,66 €**
Expedientes relación: **41**
Finanzamento:

Aplicación	Descripción	Importe
26/330.3340.489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS,	50.000,00 €

Deputación Pontevedra

INSTRUMENTOS Y VESTUARIO (CAPÍTULO IV)
RELAC/2026000088 DE DATA 22/10/2026
CU_G/26

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS		CONCESIÓN
CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)						
(1) G36814895 **ASOC FOLCLORICA AIRIÑOS DA LAGOA** 2026057532 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	300,00 €	225,00 €	**225,00 €**	10,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL BAIONA (1)			**225,00 €**			
CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)						
(2) G01870476 **ASOCIACION CULTURAL NOVOS VENTOS** 2026053269 - Liña 2: Reparación de instrumento musical	286,77 €	215,00 €	**215,00 €**	10,00	74,97 %	Concurrencia competitiva
TOTAL BUEU (1)			**215,00 €**			
CONCELLO DE CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)						
(3) G94161866 **ASOC FANFARRIA FURRUXA** 2026049433 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	544,00 €	544,00 €	**408,00 €**	15,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL CALDAS DE REIS (1)			**408,00 €**			
CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO (PONTEVEDRA)						
(4) G36030302 **ASOC CULTURAL BELLAS ARTES** 2026057993 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.100,01 €	605,00 €	**605,00 €**	40,00	55,00 %	Concurrencia competitiva
(5) G94129236 **ASOCIACIÓN CULTURAL MARIA SOLIÑA** 2026059654 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	437,00 €	437,00 €	**327,75 €**	5,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS DE MORRAZO (2)			**932,75 €**			
CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE (PONTEVEDRA)						
(6) G36273548 **ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO** 2026054921 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	242,00 €	110,00 €	**110,00 €**	25,00	45,45 %	Concurrencia competitiva
(7) G36352649 **BANDA DE MUSICA UNION MUSICAL DE TENORIO** 2026058944 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	980,00 €	733,00 €	**733,00 €**	20,00	74,80 %	Concurrencia competitiva
TOTAL CERDEDO COTOBADE (2)			**843,00 €**			
CONCELLO DE ESTRADA, A (PONTEVEDRA)						
(8) G36216406 **FUNDACION CULTURAL A ESTRADA** 2026055635 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.080,00 €	810,00 €	**810,00 €**	25,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL ESTRADA, A (1)			**810,00 €**			

22/10/2026 14:09:49
Páxina 1 de 6

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Deputación Pontevedra

INSTRUMENTOS Y VESTUARIO (CAPÍTULO IV)
RELAC/2026000088 DE DATA 22/10/2026
CU_G/26

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS		CONCESIÓN
CONCELLO DE FORCAREI (PONTEVEDRA)						
(9) G94081155 **ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS DO CONCELLO DE FORCAREI** 2026053978 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.683,68 €	1.262,76 €	**1.262,76 €**	35,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL FORCAREI (1)			**1.262,76 €**			
CONCELLO DE GUARDA, A (PONTEVEDRA)						
(10) G36397412 **AGRUPACION MUSICAL DE A GUARDA** 2026050101 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	423,50 €	317,63 €	**317,62 €**	10,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL GUARDA, A (1)			**317,62 €**			
CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)						
(11) G36030989 **SOCIEDAD MUSICAL DE MUIMENTA** 2026057031 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.950,01 €	975,00 €	**975,00 €**	50,00	50,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL LALÍN (1)			**975,00 €**			
CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA)						
(12) G36115780 **ASOC.CULTURAL AIRIÑOS DE SAN XULIAN** 2026054706 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	3.146,00 €	2.300,00 €	**2.300,00 €**	55,00	73,11 %	Concurrencia competitiva
(13) G94141405 **ASOCIACION CULTURAL MUSIMARIN** 2026053981 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	4.525,01 €	3.000,00 €	**1.775,02 €**	55,00	39,23 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MARÍN (2)			**4.075,02 €**			
CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)						
(14) G36143857 **ASOCIACION UNION MUSICAL DE MEAÑO** 2026057998 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	669,00 €	300,00 €	**300,00 €**	45,00	44,84 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MEAÑO (1)			**300,00 €**			
CONCELLO DE MONDARIZ (PONTEVEDRA)						
(15) G36292746 **BANDA DE MUSICA CULTURAL DE MONDARIZ** 2026053990 - Liña 2: Reparación de instrumento musical	435,60 €	326,70 €	**326,70 €**	10,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MONDARIZ (1)			**326,70 €**			

22/10/2026 14:09:49
Páxina 2 de 6

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Deputación Pontevedra

INSTRUMENTOS Y VESTUARIO (CAPÍTULO IV)
RELAC/2026000088 DE DATA 22/10/2026
CU_G/26

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS		CONCESIÓN
CONCELLO DE MORAÑA (PONTEVEDRA)						
(16) G36500684 **ASOC CULTURAL CHINGUILIPE** 2026062660 - Liña 2: Reparación de vestiario	540,00 €	296,50 €	**296,50 €**	35,00	54,91 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MORAÑA (1)			**296,50 €**			
CONCELLO DE NIGRÁN (PONTEVEDRA)						
(17) G10913440 **AGRUPACION MUSICAL SANTIAGO DE PARADA** 2026059650 - Liña 2: Reparación de instrumentos	684,97 €	307,55 €	**278,95 €**	45,00	40,72 %	Concurrencia competitiva
TOTAL NIGRÁN (1)			**278,95 €**			
CONCELLO DE OIA (PONTEVEDRA)						
(18) G36196749 **ASOCIACIÓN CULTURAL UNIÓN MUSICAL DE MOUGÁS-BAIONA** 2026059129 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	800,01 €	432,00 €	**432,00 €**	35,00	54,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL OIA (1)			**432,00 €**			
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)						
(19) G94071628 **ASOCIACION CULTURAL GAITEIROS DAS RIAS BAIXAS** 2026050108 - Liña 2: Reparación de vestiario	211,75 €	175,00 €	**158,81 €**	5,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
(20) G36060796 **ASOCIACIÓN MUSICO CULTURAL SAN MARTIÑO SALCEDO** 2026056590 - Liña 2: Reparación de instrumento musical	496,10 €	372,07 €	**372,07 €**	10,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (2)			**530,88 €**			
CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)						
(21) G36163863 **ASOCIACION CULTURAL E SOCIAL DE CHAPELA** 2026055644 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	2.357,45 €	1.760,00 €	**1.760,00 €**	45,00	74,66 %	Concurrencia competitiva
TOTAL REDONDELA (1)			**1.760,00 €**			
CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)						
(22) G36027928 **ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL** 2026062487 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	2.208,25 €	1.650,00 €	**1.125,00 €**	45,00	50,95 %	Concurrencia competitiva
TOTAL ROSAL, O (1)			**1.125,00 €**			

22/10/2026 14:09:49
Páxina 3 de 6

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Deputación Pontevedra

INSTRUMENTOS Y VESTUARIO (CAPÍTULO IV)
RELAC/2026000088 DE DATA 22/10/2026
CU_G/26

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS		CONCESIÓN
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA)						
(23) G36123313 **ASOCIACION AMIGOS DE LA MUSICA-SALCEDA DE CASELAS** 2026059649 - Liña 2: Reparación de instrumentos	695,75 €	521,00 €	**521,00 €**	20,00	74,88 %	Concurrencia competitiva
TOTAL SALCEDA DE CASELAS (1)			**521,00 €**			
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)						
(24) G36596872 **ASOC BANDA DE MUSICA DE SALVATERRA** 2026059651 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	2.195,01 €	1.645,00 €	**1.645,00 €**	45,00	74,94 %	Concurrencia competitiva
TOTAL SALVATERRA DE MIÑO (1)			**1.645,00 €**			
CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)						
(25) G36266682 **ASOC CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDA** 2026062502 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	2.057,00 €	1.000,00 €	**857,14 €**	60,00	41,67 %	Concurrencia competitiva
TOTAL SILLEDA (1)			**857,14 €**			
CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA)						
(26) G72829237 **ASOCIACION CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS** 2026051768 - Liña 2: Reparación de instrumentos	1.294,70 €	1.000,00 €	**971,03 €**	20,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
(27) G36259588 **ASOCIACION SOCIOCULTURAL DE GOIAN** 2026054346 - Liña 2: Reparación de instrumento musical	510,19 €	380,00 €	**380,00 €**	20,00	74,48 %	Concurrencia competitiva
TOTAL TOMIÑO (2)			**1.351,03 €**			
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)						
(28) G36153344 **ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI** 2026055237 - Liña 2: Reparación de instrumentos e vestiario	1.501,06 €	525,00 €	**488,37 €**	70,00	32,54 %	Concurrencia competitiva
TOTAL TUI (1)			**488,37 €**			
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)						
(29) G36638419 **AGRUPACION MUSICAL LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA DE VIGO** 2026054659 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.500,00 €	1.000,00 €	**750,00 €**	25,00	50,00 %	Concurrencia competitiva
(30) G36775047 **ASOC CULTURAL ARDENTIA** 2026054289 - Liña 2: Reparación de instrumento musical	3.085,50 €	2.000,00 €	**2.000,00 €**	60,00	64,82 %	Concurrencia competitiva

22/10/2026 14:09:49
Páxina 4 de 6

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Deputación Pontevedra

INSTRUMENTOS Y VESTUARIO (CAPÍTULO IV)
RELAC/2026000088 DE DATA 22/10/2026
CU_G/26

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS		CONCESIÓN
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)						
(31) G36812204 **ASOC FOLCLORICA O FIADEIRO** 2026056561 - Liña 2: Reparación de vestiario	2.190,10 €	1.075,00 €	**1.048,78 €**	60,00	47,89 %	Concurrencia competitiva
(32) G36639110 **ASOCIACION BANDA DE MUSICA UNION MUSICAL DE VALLADARES** 2026054657 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	920,50 €	750,00 €	**561,23 €**	15,00	60,97 %	Concurrencia competitiva
(33) G36647055 **ASOCIACIÓN BANDA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE** 2026059653 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	3.085,50 €	2.314,13 €	**2.314,12 €**	55,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
(34) G09900044 **ASOCIACION CULTURAL VIRASONS** 2026049438 - Liña 2: Reparación de instrumento musicais	1.210,00 €	791,00 €	**791,00 €**	25,00	65,37 %	Concurrencia competitiva
(35) G36654184 **ASOCIACION VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES** 2026062241 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.115,14 €	501,81 €	**501,81 €**	50,00	45,00 %	Concurrencia competitiva
(36) G36708923 **ASOC JOVEN BANDA DE MUSICA LAS DELICIAS** 2026055779 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	2.252,67 €	1.689,50 €	**1.689,50 €**	45,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
(37) G36691855 **ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS** 2026053276 - Liña 2: Reparación de vestiario	2.105,40 €	1.500,00 €	**1.500,00 €**	45,00	71,25 %	Concurrencia competitiva
(38) G36784197 **ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE** 2026056131 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	1.089,00 €	490,00 €	**490,00 €**	50,00	45,00 %	Concurrencia competitiva
(39) G36634137 **UNION MUSICAL DE CORUXO** 2026052856 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	2.389,27 €	1.650,00 €	**1.330,52 €**	45,00	55,69 %	Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (11)			**12.976,96 €**			
CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)						
(40) G94124864 **ASOC CULTURAL E MUSICAL ESCOLA DE MUSICA DE VILABOA** 2026057030 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	935,97 €	773,54 €	**701,98 €**	15,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL VILABOA (1)			**701,98 €**			
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)						
(41) G36116879 **ASOC CULTURAL O CASTRO DE BAION - VILANOVA DE AROUSA** 2026062506 - Liña 2: Reparación de instrumentos musicais	400,00 €	300,00 €	**300,00 €**	10,00	75,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL VILANOVA DE AROUSA (1)			**300,00 €**			

22/10/2026 14:09:49
Páxina 5 de 6

Pontevedra, 22 de outubro de 2026

O/A Xefe/a do Servizo

7.37899.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6001 LALÍN-BOTOS-GRESANDE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+948. CONCELLO DE LALÍN". (EXPTE.2026059513)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 6001 Lalín- Botos-Gresande, que transcorre polo concello de Lalín e ten unha lonxitude de 6.738 metros. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

Resultando.-Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover a actuación de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6001 Lalín-Botos-Gresande, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 1+948" , buscando dotar á zona de actuación dun itinerario peonil seguro e mellorar a seguridade vial da estrada provincial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal o proxecto da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6001 Lalín-Botos-Gresande, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 1+948. Concello de Lalín", cun orzamento base de licitación de 535.484,56 euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: VYRTX06B86DUJVDZ.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Resultando.- Que na súa consecuencia recibiuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6001 Lalín-Botos-Gresande, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 1+948. Concello de Lalín".

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documentos RC número 12026000148050 e RC número 12026000200353, por importes de 428.387,65 € e 107.096,91 € respectivamente con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, acreditando a existencia de consignación para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV EN7U11MQS12GN28U, informe favorable de fiscalización do proxecto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FZE3ZH6JTKJ751NX, informe favorable de supervisión do proxecto, emitido por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo "a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación", ao tratarse dunha obra de mellora da mobilidade peonil.

Considerando.- Que as obras a executar precisan de cesión de terreos, estando a día de hoxe eses terreos cedidos ao Concello de Lalín e postos a disposición da Deputación de Pontevedra libres de toda carga.No relativo a cesión e posta a disposición dos terreos, consta no expediente certificado do Secretario do Concello de Lalín de data 15/05/2024 (CSV: FMD2S7HITJUQA6ZE) do acordo ao respecto adoptado na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 10/05/2024.

Considerando.- Que con respecto aos permisos sectoriais, son necesarias autorizacións sectoriais tanto do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, dado que a traza das obras pasan por un viaduto que cruza a estrada AP-53, como da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dado que as actuacións proxectadas chegan ata o cruce co trazado do Camiño de Santiago, concretamente a Vía da Prata. A día de hoxe se teñen no expediente do proxecto ambas autorizacións favorables.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Constan no expediente autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia dependente do Ministerio de Transportes e Movilidade Sostible de data 24/04/2025 (CSV: YGRBV3UUWIZQNPYW), e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia de data 22/05/2025 (CSV: OT1YUL02B4SBY8C8).

Considerando.- Que non son necesarias máis autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6001 Lalín-Botos-Gresande, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 1+948. Concello de Lalín", redactado por D. Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal, cun orzamento base de licitación de 535.484,56 euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: VYRTX06B86DUJVDZ.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

8.37900.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DE INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE TRÁFICO NO NÚCLEO URBÁN DE BAIONA E CONTROL DE ACCESOS NO SEU CASCO HISTÓRICO (PAI VAL MIÑOR) FINANCIADO A TRAVÉS DA SENDA FINANCEIRA DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) 2021-2027. (EXPTE.2026004374)

A Deputada Delegada de cooperación, con data 23/09/2026 (CSV: K48BWVGF5FP2O5Y1) dictou providencia de inicio pola que se solicita ao servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da subministración e instalación dun sistema de control de tráfico no núcleo urbán de Baiona e control de accesos no seu casco histórico (PAI Val Miñor), financiado a través da senda financeira do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) 2021-2027 concedida ao "PAI Val Miñor 15 minutos".

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxeto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo:

32323500-8 Sistema de vixilancia por vídeo
35120000-1 Sistemas e dispositivos de vixilancia e seguridade
35125300-2 Cámaras de seguridade.
45316210-0 Instalación de equipo de control do tráfico

O contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración.
De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP "*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*".
A vista do exposto, polo técnico Pedro Fernández Rodríguez con nº colexiado 3844 COIIG redactouse co correspondente proxecto de obra (CSV: YUTPF2OAXAVSF2H3).

O Enxeñeiro do Servizo, Xefe do Servizo de Cooperación cos municipios Eugenio José Marcote Carballo emitiu con data 22/09/2026 informe favorable de supervisión do proxecto.

Visto que pola intervención emitiuse o correspondente informe de fiscalización do refereido proxecto informando favorablemente o mesmo coa seguinte observacion "*En relación coas autorizacións sectoriais concedidas, débense observar as condicións establecidas, prestando especial atención ao prazo de vixencia tanto da autorización de Portos de Galicia así como da Axencia Galega de Infraestruturas".*

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Visto que con data 27/10/2026 polo Xefe de Sección de proxectos de cooperación Alejandro Marín Gómez-Nieves emitiuse acta de trazado previo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de suministros que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto correspondente a obra de instalación dun sistema de control de tráfico no núcleo urbán de Baiona e control de accesos no seu casco histórico (PAI Val Miñor), financiado a través da senda financeira do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) 2021-2027 concedida ao "PAI Val Miñor 15 minutos" con (CSV: YUTPF2OAXAVSF2H3).

9.37901.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUN LOCAL ONDE SE EMPRAZA A OFICINA PERIFÉRICA DO ORAL NO CONCELLO DE O PORRIÑO. (EXPTE.2021032265)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de novembro de 2021, adxudicou, mediante adxudicación directa, o contrato de "*Arrendamento dun local onde se empraza a oficina periférica do ORAL no Concello de O Porriño*" á entidade Bargiela Ucha, S.L., con CIF: B-36.334.613, conforme ao seguinte detalle:
Prezo mensual ofertado (renda):

Prezo sen IVE:	1.050,00 €
IVE (21%):	220,50 €
Prezo total co IVE:	1.270,50 €

O contrato adxudicouse cun prazo de duración de cinco anos, contado desde a posta a disposición do local, que se realizou o día 1 de decembro de 2021, e a posibilidade de cinco prórrogas anuais.

Resultando que, mediante escrito presentado con Rexistro de entrada núm. REX_WEB2026071480, de 17 de setembro de 2026, o contratista solicita a primeira prórroga do contrato, con actualización da renda co índice xeral de prezos ao consumo, conforme ao previsto no acordo de adxudicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Resultando que, con data 24 de setembro de 2026, o xefe de servizo do ORAL, xunto co deputado delegado da Área, emite informe (CSV: 7RGJEVSBXNJ88P3V) no que se solicita prorrogar o devandito contrato, polo período dun ano.

Resultando que, con data 25 de setembro de 2026, a Intervención emite documento de retención de crédito núm. 12026000199198, por importe de 1.370,19 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/932.9320.20200 do vixente orzamento provincial, acreditando a existencia de crédito axeitado e suficiente para os gastos derivados da presente prórroga para o ano 2026. Asemade, emite documento de retención de crédito para exercicios futuros núm. 12026000199199, por importe de 15.072,09 euros, quedando condicionados os gastos derivados da prórroga para o ano 2027 a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria, que será no seu caso a 932.9320.20200.

Resultando que, con data 29 de outubro de 2026, o xefe do servizo de Contratación, a Secretaría Xeral e a Intervención emiten informe conxunto (CSV: F7PT8I814N27JKT6), concluíndo o seguinte:
"En atención ao exposto e, destacadamente, ao informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga anual do contrato de "Arrendamento dun local onde se empraza a oficina periférica do ORAL no Concello de O Porriño" , polo período que vai desde o 1 de decembro do 2026 ata o 30 de novembro do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente prórroga é a Xunta de Goberno (Disposición adicional segunda, apartado 9, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e Base núm.16.2 das Bases de Execución do Orzamento 2026, de delegación das competencias da Presidencia). O acordo debe aprobarse antes da seguinte data: 1 de decembro de 2026."

Considerando que o presente contrato se tramitou e se adxudicou ao abeiro da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e demais lexislación patrimonial aplicable, ao ser un negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), segundo o seu artigo 9.2.

Considerando que o réxime xurídico da prórroga dos contratos patrimoniais se regula nos artigos 9 e seguintes da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, conforme aos cales a duración do arrendamento será libremente pactada polas partes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Considerando que, conforme ao previsto no acordo de adxudicación, a cláusula primeira do contrato e o artigo 18.1 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, a renda se actualiza co índice xeral de prezos ao consumo estimado polo Instituto Nacional de Estatística, tomando como mes de referencia para a actualización o correspondente ao derradeiro índice publicado polo INE (https://ine.es/calcula/calcula.do), co seguinte resultado:

Actualización de importes co IPC Xeral. Sistema IPC base 2025 para períodos anuais completos.

Importe actualizado co IPC Xeral (sistema IPC base 2025) entre Agosto de 2025 e Agosto de 2026		
Importe inicial	Importe actualizado	Taxa de variación
1.085,70 €	1.132,39 €	4,3 %

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e das bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato de "*Arrendamento dun local onde se empraza a oficina periférica do ORAL no Concello de O Porriño*", subscrito coa entidade Bargiela Ucha, S.L. (CIF: B36334613), durante o período que vai desde o día 1 de decembro do 2026 ata o 30 de novembro do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen, e conforme ao seguinte:

  Renda mensual actualizada co índice xeral de prezos ao consumo estimado polo Instituto Nacional de Estatística:

Prezo sen IVE:	1.132,39 €
IVE (21%):	237,80 €
Prezo total co IVE:	1.370,19 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Os gastos derivados da presente prórroga financiaranse conforme ao seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/932.9320.202.00	1.370,19 €
2027	27/932.9320.202.00	15.072,09 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

10.37902.- EXCLUSIÓN POR ABANDONO DAS EMPRESAS SERILUA MERCHANDISING S.L. (CIF: B70519988) E MARGARITA CAEIRO PAZ (CIF: 44084253S) DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS DE PUBLICIDADE, MERCHANDISING E PREMIOS PARA AS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2025013680)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026, aprobou o expediente para implementar un *Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra*.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 15 de maio de 2026, acordou admitir ás empresas Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988) e Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S) na categoría 1 (Material de publicidade) do citado Sistema Dinámico de Adquisición.

A incorporación das citadas empresas ao Sistema Dinámico de Adquisición formalizouse con data 18 de xuño de 2026, con efectos desde o 1 de xullo de 2026 ata o 30 de xuño de 2027, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas dunha duración dun ano cada unha.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Transcorrido o prazo de 10 días naturais contado desde o envío das correspondentes invitacións, as empresas Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988) e Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S) non presentaron oferta en ningunha das seguintes licitacións de contratos específicos:

- Adquisición de material de merchandising para o programa +CONVIVIR 2026-2027 (Expte. 2026067231).
- Adquisición de 5.000 bolígrafos serigrafiados (Expte. 2026067405).
- Adquisición de materiais do Punto Violeta (pulseiras, lanyards, gorros, toallas, estoxos, abanos, camisetas) (Expte. 2026067217).
- Adquisición de material de merchandising para o programa +CONVIVIR 2026-2027 (Expte. 2026070454) (nova licitación por desistimento da anterior).

As empresas Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988) e Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S), admitidas na categoría 1 (Material de publicidade) do Sistema Dinámico de Adquisición, foron invitadas a participar nas licitacións dos contratos específicos anteriormente relacionados, sen que presentasen oferta en ningunha delas, acumulando así catro licitacións consecutivas sen presentar oferta.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico-administrativas establece que: "*As empresas admitidas no sistema dinámico poderán abandonalo en calquera momento durante a súa vixencia. Considerarase que unha empresa admitida exerceu esta opción cando non presente oferta en catro licitacións consecutivas. Neste caso, será o órgano de contratación quen acordará a exclusión da empresa do sistema. O abandono do sistema non impedirá que a empresa se reincorpore máis adiante, sempre que transcorran máis de 30 días desde a adopción do acordo de exclusión.*"

Visto o informe do xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio de data 30 de outubro de 2026, no que, a modo de conclusión, indica que:

"*Tendo en conta que as empresas Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988) e Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S) non presentaron oferta en catro licitacións consecutivas de contratos específicos, de conformidade co establecido no apartado 7 do PCAP, considérase que ambas as dúas empresas exerceron a opción de abandonar o Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra, polo que procede que o órgano de contratación acorde a súa exclusión do sistema.*

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

O abandono do sistema non impedirá a súa posterior reincorporación, sempre que transcorresen máis de 30 días desde a adopción do acordo de exclusión, nos termos establecidos no apartado 7 do PCAP."

Considerando que a Xunta de Goberno é o órgano de contratación competente respecto do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra, ao estimarse que o valor dos contratos específicos supera no seu conxunto os 100.000 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír por abandono as empresas Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988) e Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S) do *Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra*, ao non teren presentado oferta en catro licitacións consecutivas de contratos específicos, de conformidade co establecido no apartado 7 do PCAP.

2. Informar as citadas empresas de que a súa exclusión por abandono non impedirá a posterior reincorporación ao Sistema Dinámico de Adquisición, sempre que transcorresen máis de 30 días desde a adopción do presente acordo de exclusión, nos termos establecidos no apartado 7 do PCAP.

11.37903.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B-15410608), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DA OBRA "MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-8402 CUNTIS-CEQUERIL, RÚA DA PALMA (CONCELLO DE CUNTIS) (EXPTE. 2021041218) (DEVOGARÁN 2026019851)

Por acordo, número 7.31573, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 08 de abril de 2022 (CSV.- I2J84JWESMTTNJNG), acordouse, entre outros asuntos, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, Rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B-15410608),* constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B-15.410.608)	22.535,63€	202200064409	31/03/2022

Resultando que no expediente tramitado ao efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- KXIOTZLH5GYJWK7S), no cal sinala que "*(...) Realizada visita á obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, infórmase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse á liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto, procede a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 22.535,63 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202200064409, de data 31 de marzo de 2022. (...)".

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 783ZE8WOMMN238QD), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. *(B-15410608)*, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á súa devolución.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, con base nos informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo á obra de "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, Rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218), sen que existan obrigas pendentes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (CIF: B-15410608), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (CIF: A-28157360) "Aval inscrito no *Rexistro Especial de Avais co número 0514634"*, por importe de vinte e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (22.535,63€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 31/03/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030591 *(Carta de pago número 202200064409).*

12.37904.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MILIARIO DE GUIZAN PARA A SUBVENCIÓN "LIÑA 1: CONCERTO DE OUTONO" DO CONCELLO DE MOS, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 14/08/2026. (EXPTE.2026043845)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2026, aprobou as "bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2026" (Acordo núm. 6.36132) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 46 de 9 de marzo de 2026.

Segundo.- En data 08 de abril de 2026, Enrique Lago Barciela, en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MILIARIO DE GUIZAN (NIF: G75500835) presenta solicitude para "Liña 1: Concerto de Outono", achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.615,50 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 14 de agosto de 2026 (Acordo núm. 11.37542) acordou concederlle á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MILIARIO DE GUIZAN, do concello de Mos (NIF: G75500835) unha subvención de 643,11 € para "Liña 1: Concerto de Outono" con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 19 de outubro de 2026 e número de rexistro WEB2026078032, a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MILIARIO DE GUIZAN de Mos, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non ter acadado o finanzamento previsto para a celebración da actividade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 21 de outubro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MILIARIO DE GUIZAN (NIF: G75500835) documento con CSV: F0CQC2ZJH4GVO46O

Fundamentos:
Primeiro.- Lexislación aplicable:
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferencia, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MILIARIO DE GUIZAN (NIF: G75500835) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 643,11 € para a realización da actividade do "Liña 1: Concerto de Outono" (documento co CSV: PSHYMHCYJ864UFPO).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

13.37905.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2026075610)

Vista a relación de operacións con número 2026075610 (CSV: TSGZ2T86FPVMV6ID), que contén 1 operación por un importe de 500,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 500,00 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 0,00 €
Total líquido..... 500,00 €

14.37906.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2026074918, 2026074920, 2026074953 E 2026074955)

A.-Vista a relación de operacións con número 2026074918 (CSV: U330JDBAQZFJOU8R), que contén 1 operación por un importe de 1.542,30 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 1.542,30 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 0,00 €
Total líquido..... 1.542,30 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

B.- Vista a relación de operacións con número 2026074920 (CSV: UTA2X16ISNRCY1LZ) que contén 9 operacións por un importe de 35.176,97 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 35.176,97 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 0,00 €
Total líquido..... 35.176,97 €

C.- Vista a relación de operacións con número 2026074953 (CSV: TUADIV6M8NC9MZC2) que contén 3 operacións por un importe de 1.038,41 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 1.038,41 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 0,00 €
Total líquido..... 1.038,41 €

D.- Vista a relación de operacións con número 2026074955 (CSV: TCS9089VUV8B9TVR) que contén 3 operacións por un importe de 420,04 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 420,04 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Retencións ..... 0,00 €
Total líquido..... 420,04 €

15.37907.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS AGUA DE VILANOVA-COTOBADE CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2026024767).

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)", publicadas no BOPPO número 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026, adoptou o acordo número 6.37703 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de "axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)", concedéndose as subvencións a todas as entidades que cómpren os requisitos, segundo a prelación establecida en función da valoración outorgada por un importe total de 369.244,03 euros declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.

Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de usuarios Agua de Vilanova-Cotobade (CIF G36544823), con número de expediente 2026024767 se declara expresamente excluída polo motivo : "BASE 10ª. A FALTA DE PRESENTACIÓN DA MEMORIA VALORADA OU, NO SEU CASO, DO PROXECTO TÉCNICO NON SERÁ CONSIDERADO COMO UN DEFECTO EMENDABLE E OPERARÁ COMO UNHA CAUSA DE EXCLUSIÓN".

Na data 22/09/2026 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local ese mesmo día22/09/2026 día (CSV: DEHU-6e1c-a254-4534-c70d-25f1-0dad-e370-7e7c).

Cuarto.- Na data 23/09/2026, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026072699) a Comunidade DE USUARIOS AGUA DE VILANOVA-COTOBADE interpón un recurso de reposición contra o citado acordo, ao non estar conforme coa dita exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben con carácter extractado (documento con CSV: 4VICKM2PKQIVM089):

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

- *Que con data 30 de marzo de 2026 presentouse a documentación con nº de rexistro WEB2026025811 no que se incluía o denominado "Memoria" con CSV COT5F293MXNTVEDT.*
- *Que non era necesario adiantar diñeiro por parte das asociacións ata que estivera concedida a subvención.*
- *Que se incumpriu a obriga de facer requirimento para emendar e corrixir erros da solicitude.*

O peticionario solicita que se revise o acordo impugnado e que se lle conceda un prazo razoable para presentar o proxecto técnico valorado.

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que "o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto".

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que pon fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 22/09/2026 e o recurso se presentou en data 23/09/2026.

Segundo.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Comunidade de usuarios Agua de Vilanova-Cotobade (CIF G36544823) invoca a vulneración da base décima do Programa +Novaqua 2026, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que, de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Terceiro.- A Base décima do Programa +NOVAQUA determina a documentación que debe acompañar a solicitude de subvención, entre a que se atopa a memoria valorada ou, no seu caso, o proxecto técnico correspondente á actuación para a que se solicita a subvención. A mesma Base establece expresamente o contido mínimo da memoria, que non se limita a unha mera denominación formal.

Do exame, tanto documental como técnico, da solicitude presentada pola entidade na fase de instrución, constátase a ausencia de planos ou esquemas detallados, definición dos traballos para poder comprobar a súa elixibilidade e de "Orzamento" dos traballos a realizar, conforme ao informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 30/04/2026 e CSV X2626FF9963T6H8L.

Estas carencias afectan elementos expresamente configurados pola convocatoria como integrantes do contido mínimo da memoria valorada e non simples requisitos formais ou accesorios.

Polo tanto, a apreciación da causa de exclusión non deriva da mera denominación formal do documento achegado, senón da análise do seu contido e da constatación de que este carece dos elementos técnicos e económicos mínimos necesarios para poder ser considerado materialmente a memoria valorada esixida pola base décima.

Cuarto. A entidade recorrente alega que a Deputación de Pontevedra debería tela requirido para emendar as deficiencias da documentación presentada antes de acordar a súa exclusión.

Con carácter xeral, o artigo 68.1 da Lei 39/2015 establece que, cando unha solicitude non reúna os requisitos esixidos, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Así mesmo, o artigo 23.5 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, contempla o requirimento de emenda cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos na convocatoria. Esta regra xeral recóllese expresamente na propia base décima de +NOVAQUA 2026, que establece que, en caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire a dita base, requirirase á entidade interesada para que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez días hábiles.

Porén, a propia base establece inmediatamente unha previsión específica respecto da memoria valorada e do proxecto técnico, ao dispoñer literalmente: «A falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico non será considerado como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión».

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Por conseguinte, as propias bases distinguen entre, por unha parte, os defectos, erros ou omisións documentais susceptibles de emenda e, por outra, a falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico, suposto ao que atribúen expresamente carácter non emendable e a consecuencia de exclusión.

Neste caso, a aplicación desta previsión debe efectuarse atendendo á realidade material do documento presentado e non unicamente á existencia formal dun documento ao que a solicitante atribúa a consideración de memoria.

O documento achegado carece de elementos que as propias bases configuran como contido mínimo da memoria valorada. Polo tanto, requirirlle á entidade para que incorporase posteriormente os devanditos elementos non suporía corrixir un erro material, aclarar información xa presentada ou completar un aspecto accesorio dunha memoria valorada existente, senón incorporar, unha vez finalizado o prazo, elementos substanciais necesarios para definir técnica e economicamente a actuación obxecto da subvención.

Esta conclusión resulta, ademais, coherente coa base sexta, conforme á cal quedarán excluídas as solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nas bases e demais normativa aplicable, debendo o cumprimento de tales circunstancias quedar referido, como máis tarde, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Debe terse así mesmo en conta que as subvencións se conceden en réxime de concorrencia competitiva. A posibilidade de incorporar despois de finalizado o prazo de presentación os elementos substanciais necesarios para definir e valorar economicamente unha actuación suporía permitir a configuración extemporánea de documentación esencial da solicitude en condicións diferentes das aplicadas ao resto das entidades participantes.

En consecuencia, non procede estimar a alegación relativa á obriga de efectuar un requirimento de emenda.

Quinto.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é da Presidencia, ao mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

Quinto.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto pola Comunidade de usuarios Auga de Vilanova- Cotobade, con CIF G36544823, e confirmar a súa exclusión da convocatoria de subvencións do Programa +NOVAQUA 2026, por incumprimento da base décima das bases reguladoras

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación do día 16/10/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2026 e CSV MN5MJOMVFIYLY9NX, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 23/09/2026 (núm. rexistro WEB2026072699) pola comunidade de usuarios Agua de Vilanova- Cotobade (CIF G36544823).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

16.37908.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS DE ZAMEIRO - PEREIROS CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. PROGRAMA +NOVAQUA 2026 (EXPTE. 2026024775)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"*ANTECEDENTES*
Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)",

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

publicadas no BOPPO núm. 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026, adoptou o acordo número 6.37703 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de "axudas a comunidade de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Programa +NOVAQUA 2026)", concedéndose as subvencións a todas as entidades que dan cumprimento aos requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.

Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de Usuarios de Zameiro-Pereiros (CIF G70733449), con número de expediente 2025024775, declárase expresamente excluída polo motivo "Base 10ª. A falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico non será considerado como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión".

Na data 22/09/2026 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade o día 22/09/2026 (CSV: DEHU-8bce-7c87-b084-c965-1e8e-1575-031e-463b).

Cuarto.- En data 23/09/2026, mediante escrito presentado na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (núm. rexistro WEB2026072753) a Comunidade de usuarios de Zameiro-Pereiros interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: U9LJ6TG44V2GXV0P):

- *" Que a memoria valorada si fora presentada coa solicitude inicial".*

- *"Que a documentación anexada a este expediente sexa revisada, se admita a trámite o presente recurso coa documentación que se anexa e valore a concesión da subvención a comunidade de usuarios de Zameiro-Pereiros de Calvelo, atendendo as dificultades económicas que esto supón para esta comunidade de usuarios.".*

O peticionario solicita que se revise o acordo impugnado no sentido de estimar a solicitude presentada e, por tanto, que se lle conceda a subvención correspondente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que "o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto".

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 22/09/2026 e o recurso se presentou en data 23/09/2026.

SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Comunidade de usuarios de Zameiro-Pereiros invoca a vulneración da Base Décima do Programa +Novaqua 2026, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

TERCEIRO.- A Base Décima. No apartado referido á "Presentación de documentos" esixe "Unha memoria valorada asinada pola ou polo presidente da entidade solicitante e/ou o persoal técnico competente, na que conste o seguinte contido mínimo (...)".
Revisada a memoria achegada coa solicitude na data 30/03/2026 (WEB2026025836), compróbanse os seguintes elementos:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

A memoria inclúe antecedentes da comunidade de augas e explica os obxectivos da mesma, incluíndo as referencias catastrais e unha relación dos custos asumidos pola entidade, co cal pódese considerar que reúne os contidos mínimos.

CUARTO.- A Base Décima. Presentación de documentos, no apartado referente a "memoria valorada" do Programa de acción comunitaria para o ano 2026 (Programa +Novaqua 2026) sinala que:

"En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei [...]"

Enténdese que procedía requirirlle á entidade para que complete a documentación cos planos e esquemas que definan máis axeitadamente o alcance dos traballos e o orzamento desagregado que se correspondan coa referencia catastral presentada na documentación inicial.

Por outra banda, analizada a documentación achegada posteriormente, despréndese que inclúe varios conceptos que non están relacionados directamente coa actuación subvencionada, como instalación de sinais nas captacións ou certificados dixitais. Así mesmo, figuran gastos que corresponden ao ano 2023, como pagamentos de anuncios no DOGA, que non serían subvencionables. A suma destes conceptos non subvencionables é de 498,77 €, conforme ao informe do facultativo técnico de Cooperación, que consta no expediente (documento con CSV 25L4P6IP2XQAQQHW). Polo tanto, o importe subvencionable é 2.310,12 €, no lugar de 2.908,89 € solicitados.

En consecuencia, estímase que procede admitir o recurso e conceder a subvención polo importe de 2.310,12 € á comunidade de usuarios de Zameiro-Pereiros,), condicionada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, ou no seu caso, na súa vinculación xurídica, ben por renuncia doutra entidade que resultou beneficiaria neste mesmo programa +Novaqua 2026, ou ben por aprobación do expediente de modificación de crédito que corresponda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

QUINTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

SEXTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido favorable a estimación do recurso de reposición interposto e a concesión de subvención por importe de 2.310,12€ á comunidade de usuarios de Zameiro-Pereiros (CIF G70733449), condicionada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, ou no seu caso, na súa vinculación xurídica, ben por renuncia doutra entidade que resultou beneficiaria neste mesmo programa +Novaqua 2026, ou ben por aprobación do expediente de modificación de crédito que corresponda.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación

Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación do día 13/10/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2026 e CSV POWL5NVZ9B8R7KD7, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar o recurso de reposición interposto en data 23/09/2026 (núm. rexistro WEB2026072753) pola comunidade de usuarios de Zameiro-Pereiros (CIF G70733449).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

2. Conceder a subvención á devandita entidade, por importe de 2.310,12 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, condicionada á modificación das bases reguladoras da convocatoria do Programa + Novaqua 2026 para suplementar o crédito necesario para facer fronte a dito gasto.

3. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.37909.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS DE PORTORRÍO CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. PROGRAMA +NOVAQUA 2026. (EXPTE. 2026027241)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)", publicadas no BOPPO núm. 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026, adoptou o acordo número 6.37703 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de "axudas a comunidade de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Programa +NOVAQUA 2026)", concedéndose as subvencións a todas as entidades que dan cumprimento aos requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.

Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de Usuarios de Portorrío (CIF G36537181), con número de expediente 2026027241, declárase expresamente excluída polo motivo "Base 10ª. A falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico non será considerado como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión".

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Na data 22/09/2026 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade o día 22/09/2026 (CSV: DEHU-bc90-bf1a-2d33-bd66-895b-17a8-19fb-3340).

Cuarto.- En data 07/10/2026, mediante escrito presentado na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (núm. rexistro WEB2026075945) a Comunidade de usuarios de Portorrío interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: DQP3QOCK98KO3JKR):

- *" El 1 de abril de 2026, dentro del plazo establecido, se ha presentado la memoria valorada del proyecto técnico con número de registro de entrada WEB2026027654, por lo que sí se cumple con el artículo 10 de las bases de la convocatoria a todos sus efectos."*

O peticionario solicita que se revise o acordo impugnado no sentido de estimar a solicitude presentada e, por tanto, que se lle conceda a subvención correspondente.

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que "o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto".

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 22/09/2026 e o recurso se presentou en data 07/10/2026.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Comunidade de usuarios de Portorrío invoca a vulneración da Base Décima do Programa +Novaqua 2026, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

TERCEIRO.- A Base Décima. No apartado referido á "Presentación de documentos" esixe "Unha memoria valorada asinada pola ou polo presidente da entidade solicitante e/ou o persoal técnico competente, na que conste o seguinte contido mínimo (...)"
Revisada a memoria achegada coa solicitude na data 01/04/2026 (WEB2026027654), compróbanse os seguintes elementos:

A memoria inclúe antecedentes e descrición da comunidade de augas y expón os obxectivos da subvención, referencias catastrais e un orzamento de gastos asumidos pola entidade, co cal pódese considerar que reúne os contidos mínimos.

CUARTO.- A Base Décima. Presentación de documentos, no apartado referente a "memoria valorada" do Programa de acción comunitaria para o ano 2026 (Programa +Novaqua 2026) sinala que:

"En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei [...]".

Enténdese que procedía requirirlle á entidade para que complete a documentación cos planos, esquemas e fotografía que permitan definir mellor o alcance dos traballos que pretenden realizar e xustificar a súa subvencionabilidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Por outra banda, analizada a documentación achegada posteriormente, consistente en planos, fotografías y esquemas, pódese dar por xustificada a subvencionabilidade das actuacións. Non obstante, o orzamento total presentado (6.758,00 €) supera o importe máximo subvencionable. Polo tanto, a subvención será unha porcentaxe de cofinanciación do 88,78366 % sobre o importe previsto de inversión, conforme ao informe do facultativo técnico de Cooperación, que consta no expediente (CSV 77R2VJYE9ERY0X2T).

En consecuencia, estímase que procede admitir o recurso e conceder a subvención polo importe de 6.000,00 € á comunidade de usuarios de Portorrío, en base a un orzamento de 6.758,00 €, condicionada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, ou no seu caso, na súa vinculación xurídica, ben por renuncia doutra entidade que resultou beneficiaria neste mesmo programa +Novaqua 2026, ou ben por aprobación do expediente de modificación de crédito que corresponda.

QUINTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

SEXTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.

CONCLUSIÓN
Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos, e tendo en conta o informe técnico de data 09/10/2026 con CSV 77R2VJYE9ERY0X2T, é oportuno estimar en sentido favorable o recurso de reposición interposto.

Visto o que antecede, propoño que se acorde a concesión da subvención por importe de 6.000,00 €, en base a un orzamento de 6.758,00€, á comunidade de usuarios de Portorrío (CIF G36537181), condicionada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, ou no seu caso, na súa vinculación xurídica, ben por renuncia doutra entidade que resultou beneficiaria neste mesmo programa +Novaqua 2026, ou ben por aprobación do expediente de modificación de crédito que corresponda.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do Servizo de Cooperación
Marcos Areán González"

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación do día 15/10/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2026 e CSV O9WCIM0557D9ZO37, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar o recurso de reposición interposto en data 07/10/2026 (núm. rexistro WEB2026075945) pola comunidade de usuarios de Portorrío (CIF G36537181).

2. Conceder a subvención á devandita entidade, por importe de 6.000,00 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, condicionada á modificación das bases reguladoras da convocatoria do Programa + Novaqua 2026 para suplementar o crédito necesario para facer fronte a dito gasto.

3. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.37910.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS DE VILASECA CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. PROGRAMA +NOVAQUA 2026 (EXPTE.2026027247.)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)", publicadas no BOPPO núm. 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026, adoptou o acordo número 6.37703 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de "axudas a comunidade de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Programa +NOVAQUA 2026)", concedéndose as subvencións a todas as entidades que dan cumprimento aos requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.

Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de Usuarios de VILASECA (CIF V36327427), con número de expediente 2026027247, declárase expresamente excluída polo motivo "Base 10ª. A falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico non será considerado como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión".

Na data 22/09/2026 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade o día 22/09/2026 (CSV: DEHU-c3fb-7ce2-86c8-ad0a-9bc3-4e44-3365-6d72).

Cuarto.- En data 07/10/2026, mediante escrito presentado na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (núm. rexistro WEB2026076016) a Comunidade de usuarios de VILASECA interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: LVT905M6UN9OE0YM):

- *"Que no estando de acuerdo con dicha resolución, se interpone recurso potestativo de reposición dentro del plazo legalmente establecido en la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, alegando lo siguiente: El 1 de abril de 2026, dentro del plazo establecido, se ha presentado la memoria valorada del proyecto técnico con número de registro de entrada WEB2026027730, por lo que sí se cumple con el artículo 10 de las bases de la convocatoria a todos sus efectos."*

O peticionario solicita que se revise o acordo impugnado no sentido de estimar a solicitude presentada e, por tanto, que se lle conceda a subvención correspondente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que "o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto".

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 22/09/2026 e o recurso se presentou en data 07/10/2026.

SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Comunidade de usuarios de VILASECA invoca a vulneración da Base Décima do Programa +Novaqua 2026, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

TERCEIRO.- A Base Décima. No apartado referido á "Presentación de documentos" esixe "Unha memoria valorada asinada pola ou polo presidente da entidade solicitante e/ou o persoal técnico competente, na que conste o seguinte contido mínimo (...)"
Revisada a memoria achegada coa solicitude na data 01/04/2026 (WEB2026027730), compróbanse os seguintes elementos:

A memoria inclúe antecedentes e descrición da comunidade de augas y expón os obxectivos da subvención, referencias catastrais e un orzamento de gastos asumidos pola entidade, co cal pódese considerar que reúne os contidos mínimos.

CUARTO.- A Base Décima. Presentación de documentos, no apartado referente a "memoria valorada" do Programa de acción comunitaria para o ano 2026 (Programa +Novaqua 2026) sinala que:

"En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei [...]"

Enténdese que procedía requirirlle á entidade para que complete a documentación cos planos, esquemas e fotografía que permitan definir mellor o alcance dos traballos que pretenden realizar e xustificar a súa subvencionabilidade.

Por outra banda, analizada a documentación achegada posteriormente, consistente en planos, fotografías y esquemas, pódese dar por xustificada a subvencionabilidade das actuacións. Non obstante, o orzamento total presentado (6.574,00 €) supera o importe máximo subvencionable. Polo tanto, a subvención será unha porcentaxe de cofinanciación do 91,26863 % sobre o importe previsto de inversión, conforme ao informe do facultativo técnico de Cooperación, que consta no expediente (CSV I8ZWM0D1WRH5GBJ2).

En consecuencia, estímase que procede admitir o recurso e conceder a subvención polo importe de 6.000,00 € á comunidade de usuarios de VILASECA, en base a un orzamento de 6.574,0 €, condicionada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, ou no seu caso, na súa vinculación xurídica, ben por renuncia doutra entidade que resultou beneficiaria neste mesmo programa +Novaqua 2026, ou ben por aprobación do expediente de modificación de crédito que corresponda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

QUINTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

SEXTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos, e tendo en conta o informe técnico de data 14/10/2026, con CSV I8ZWM0D1WRH5GBJ2, é oportuno estimar en sentido favorable o recurso de reposición interposto.

Visto o que antecede, propoño que se acorde a concesión da subvención por importe de 6.000,00€, en base a un orzamento de 6.574,00€, á comunidade de usuarios de VILASECA (CIF V36327427), condicionada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, ou no seu caso, na súa vinculación xurídica, ben por renuncia doutra entidade que resultou beneficiaria neste mesmo programa +Novaqua 2026, ou ben por aprobación do expediente de modificación de crédito que corresponda.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do Servizo de Cooperación
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación do día 15/10/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2026 e CSV NNTR85IK5FQ15YT5, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade

1. Estimar o recurso de reposición interposto en data 07/10/2026 (núm. rexistro WEB2026076016) pola comunidade de usuarios de Vilaseca (CIF V36327427).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

2. Conceder a subvención á devandita entidade, por importe de 6.000,00 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, condicionada á modificación das bases reguladoras da convocatoria do Programa + Novaqua 2026 para suplementar o crédito necesario para facer fronte a dito gasto.

3. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.37911.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE USUARIOS DE ALDEA DE ARRIBA, ALDEA DE ABAIXO E O VENTO CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. PROGRAMA +NOVAQUA 2026 (EXPTE. 2026027238)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*"**ANTECEDENTES***

***Primeiro.-** Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)", publicadas no BOPPO número 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

***Segundo.-** Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026, adoptou o acordo número 6.37703 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de "axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)", concedéndose as subvencións a todas as entidades que cómpren os requisitos, segundo a prelación establecida en función da valoración outorgada por un importe total de 369.244,03 euros declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

***Terceiro.-** En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Comunidade de usuarios de Aldea de arriba, Aldea de abaixo e O Vento (CIF G94002946), con número de expediente 2026027238 se declara expresamente excluída polo motivo: "Base 6ª. Criterios de concesión e contía das subvencións. […] Orzamento solicitado cun máximo de 6.000 euros e un mínimo de 2.000".*

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Na data 22/09/2026 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local o día 23/09/2026 (CSV: DEHU-6f87-1a53-7e4e-c207-fb4f-9a3b-722b-dad8).

Cuarto.- Na data 22/10/2026, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (número de rexistro WEB2026078775) a Comunidade de usuarios de Aldea de arriba, Aldea de abaixo e O Vento interpón un recurso de reposición contra o citado acordo, ao non estar conforme coa dita exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben con carácter extractado (documento con CVSV: KG60QSZQ9SY1L3JN):

- *Que con data 01 de abril de 2026 presentouse a correspondente solicitude de subvención con número de rexistro WEB2026027652 no que se incluía o documento denominado "Memoria" con CSV X0Y0F1T6VGBW90V6.*
- *Que en dita memoria se inclúe o orzamento total da actuación a levar a cabo por un importe de 4.107,90 euros.*
- *Que a comunidade de usuarios descoñece as razóns concretas polas que se exclúe a súa solicitude fundamentándose esta na base sexta anteriormente exposta.*

O peticionario solicita que se revise o acordo impugnado e que se estime o mesmo retrotraendo o procedemento ata o momento da valoración das solicitudes.

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que "o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto".

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que pon fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 23/09/2026 e o recurso se presentou en data 22/09/2026.

Segundo.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Comunidade de usuarios de Aldea de arriba, Aldea de abaixo e O Vento (CIF G94002946) invoca a vulneración da base décima do Programa +NOVAQUA 2026, no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que, de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

Terceiro.- A Base décima do Programa +NOVAQUA 2026 determina a documentación que debe acompañar a solicitude de subvención, entre a que se atopa a memoria valorada ou, no seu caso, o proxecto técnico correspondente á actuación para a que se solicita a subvención. A mesma Base establece expresamente o contido mínimo da memoria, que non se limita a unha mera denominación formal.

Do exame documental e técnico da solicitude de subvención, segundo se recolle no informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 05/05/2026 e CSV OIS5MNC4KMIEMV5R, constátase que a documentación presentada pola entidade durante a fase de instrución non inclúe planos ou esquemas detallados nin un orzamento desagregado que especifique as unidades e os prezos unitarios, requisitos mínimos establecidos na base décima reguladora da convocatoria de axudas. Estas carencias afectan elementos expresamente configurados pola convocatoria como integrantes do contido mínimo da memoria valorada e non simples requisitos formais ou accesorios.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Revisada a documentación aportada xunto co recurso de reposición, o técnico do servizo de Cooperación en data 28/10/2026 emite un informe (documento con CSV TZSU4J3YDEKLKUQE) no que ratifica o argumentario exposto en data 05/05/2026 expoñendo que "a "memoria" non inclúe os documentos detallados de planos ou esquemas de detalle exixidos polas bases, nin tan sequera unha referencia catastral ou algunha referencia para poder, minimamente definir a situación da concesión do abastecemento, información que se exixen nas bases da convocatoria. Non se presenta unha valoración definida adecuadamente, tal e como se solicita nas bases. A referencia as "analíticas" son xenéricas se especificar cales serían e tampouco se fai entrega da xustificación das mesmas, nin do "proxecto" ou "memoria técnica", necesario para unha "legalización" ou "novación" dun abastecemento de auga para uso doméstico. Non se fai entrega dunha valoración "desagregada" e cunha definición con claridade dos distintos elementos. Ante a ausencia de documentación clara e de elementos mínimos para ser considerada como válida, a documentación entregada non se pode consideran que acade os mínimos exixidos para ser considerada unha "Memoria Valorada", polo que segundo a Base 10ª desta convocatoria de axudas, non sería emendábel, polo tanto sería motivo de exclusión."

Polo tanto, a apreciación da causa de exclusión non deriva da mera denominación formal do documento achegado, senón da análise do seu contido e da constatación de que este carece dos elementos técnicos e económicos mínimos necesarios para poder ser considerado materialmente a memoria valorada esixida pola base décima.

Cuarto.- A entidade recorrente alega que a Deputación de Pontevedra excluíu a súa solicitude de maneira indebida tendo en conta que cumpre cos requisitos mencionados na base sexta reguladora do procedemento.

***Quinto.-** Da análise do expediente e das alegacións formuladas pola entidade recorrente, cómpre distinguir entre a causa de exclusión consignada no acordo impugnado e a causa que, efectivamente, resulta acreditada á vista da documentación presentada e dos informes técnicos emitidos durante a instrución do procedemento.*

En primeiro lugar, constátase que a causa de exclusión trasladada no acordo da Xunta de Goberno de data 18 de setembro de 2026, relativa ao incumprimento da base sexta das reguladoras da convocatoria, por non axustarse o orzamento solicitado aos límites mínimo e máximo establecidos, non se corresponde coa realidade da solicitude presentada. En efecto, da documentación achegada pola Comunidade de usuarios de Aldea de Arriba, Aldea de Abaixo e O Vento despréndese que o orzamento total da actuación ascende a 4.107,90 euros, importe comprendido entre os límites de 2.000 e 6.000 euros previstos na citada base.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

En consecuencia, a exclusión non resulta procedente pola causa expresamente consignada no acordo impugnado, debendo entenderse que a súa inclusión obedece a un erro material de transcrición na identificación do motivo de exclusión.

Non obstante, o anterior non determina por si mesmo o dereito da entidade recorrente a obter a subvención solicitada, toda vez que, tal e como se desprende do informe técnico emitido polo facultativo do Servizo de Cooperación en data 5 de maio de 2026, así como do informe de ratificación de data 28 de outubro de 2026, a documentación achegada coa solicitude non reúne os requisitos mínimos esixidos pola base décima das reguladoras da convocatoria para ser considerada unha memoria valorada válida.

En particular, os referidos informes técnicos poñen de manifesto a ausencia de planos ou esquemas de detalle, a falta de referencias suficientes para identificar e definir a actuación, así como a inexistencia dunha valoración económica debidamente desagregada, con identificación das unidades e dos correspondentes prezos unitarios. Así mesmo, sinalan outras carencias documentais que impiden definir adecuadamente a actuación para a que se solicita a subvención e valorar a súa adecuación aos obxectivos da convocatoria. Estas deficiencias afectan ao contido mínimo exixido nas bases reguladoras e, segundo o criterio técnico motivado nos informes citados, impiden considerar a documentación presentada como unha memoria valorada que cumpra as condicións requiridas pola convocatoria.

Por conseguinte, aínda que procede corrixir a causa de exclusión inicialmente consignada, as deficiencias documentais e técnicas sinaladas constitúen unha causa autónoma que fundamenta a exclusión da solicitude, ao non cumprir esta os requisitos establecidos na base décima das bases reguladoras do programa +NOVAQUA 2026.

En virtude do exposto, procede estimar parcialmente o recurso de reposición interposto, no sentido de recoñecer que a causa de exclusión indicada no acordo impugnado non se corresponde coa situación real da solicitude e que a súa consignación obedece a un erro de transcrición, mantendo, non obstante, a exclusión da entidade recorrente da convocatoria por incumprimento dos requisitos documentais e técnicos relativos á memoria valorada, de conformidade co disposto na base décima das bases reguladoras.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Sexto.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

Sétimo.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, infórmase en sentido favorable á estimación parcial do recurso de reposición interposto pola Comunidade de usuarios de Aldea de Arriba, Aldea de Abaixo e O Vento (CIF G94002946), no relativo á incorrecta identificación da causa de exclusión consignada no acordo impugnado, ao constatarse que esta obedece a un erro de transcrición, e en sentido desfavorable á pretensión de deixar sen efecto a súa exclusión, que se confirma por incumprimento dos requisitos relativos ao contido mínimo da memoria valorada establecidos na base décima das bases reguladoras da convocatoria de subvencións do Programa +NOVAQUA 2026.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do Servizo de Cooperación
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación do día 04/11/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 26/10/2026 e CSV 7JI9S4TGIHMFW8WL, A Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1. Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto pola Comunidade de usuarios de Aldea de Arriba, Aldea de Abaixo e O Vento (CIF G94002946), no relativo á incorrecta identificación da causa de exclusión consignada no acordo impugnado, ao constatarse que esta obedece a un erro de transcrición.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

2. Desestimar a pretensión de deixar sen efecto a súa exclusión.

3. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

20.37912.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "ADECUACIÓN E POSTA EN VALOR DA RÚA HORTAS REAIS. (CONCELLO DE BAIONA)" (EXPTE.2026004327)

Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 4 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra " Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello de Baiona)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de setembro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 1 de outubro de 2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello de Baiona)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Cooperación, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

O Xefe de Sección de Proxectos, D. Alejandro Marín Gómez-Nieves, e o Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ángel López Sampayo, os dous adscritos ao Servizo de Cooperación, asinaron con datas 13 e 14 de outubro de 2026, respectivamente, un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores.

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	CALIDADE MATERIAIS E MELLORA REQUISITOS	REDUCCION RUIDO E PO	PLAN DE ACTUACIONS MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	13,00	2,50	3,00	2,50	21,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	12,50	4,00	2,50	3,00	22,00

A Mesa de Contratación, na súa reunión de dada 15 de outubro de 2026 , en base ó informe conxunto emitido polo Xefe de Sección de Proxectos, D. Alejandro Marín Gómez-Nieves, e polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ángel López Sampayo, os dous adscritos ao Servizo de Cooperación, e asinado con datas 13 e 14 de outubro de 2026, respectivamente, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais no núcleo urbano de Baiona. (Concello de Baiona)".

Na mesma data, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentadas polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	EXPERIENCIA LABORAL
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	286.354,96 €	3,00%	36 MESES	56 MESES
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	282.658,76 €	3,00%	36 MESES	190 MESES

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na mesma reunión, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	EXPERIENCIA LABORAL	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	0,17	15,00	15,00	10,00	40,17
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	3,58	15,00	15,00	10,00	43,58

De acordo coas puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas neste procedemento:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	22,00	43,58	65,58
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	21,00	40,17	61,17

En virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (B36239861), de acordo co seguinte detalle por un importe de 342.017,10 € IVE engadido.

A Mesa de Contratación comprobou que a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (B36239861) figura inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (número 421), acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Con data 28 de outubro de 2026, en reposta do requirimento, a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (B36239861), constitúe na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 14.326,34 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 28/10/2026 con número de operación 12026000218968.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (A82876905), o Lote 4 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra".

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na providencia de inicio do expediente, á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (A82876905), para a adxudicación do " Contrato derivado lote 4 AM seguridade e saúde na obra "Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello de Baiona)", por un importe estimado de 4.718,88 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) LS9DG486DSH78SVI, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/942.9429.652.09, dentro do proxecto de gasto código nº 2610001, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000215919.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (B36239861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello de Baiona)", de acordo co seguinte detalle:

   Importe ofertado ..... 282.658,76 €
   IVE (21%) ..... 59.358,34 €
   Importe Total..... 342.017,10 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade é o 3% do PEM, e a experiencia laboral do xefe de obra é de 190 meses.

O prazo de execución será de NOVE (9) MESES, a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/942.9429.652.09 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https://sede.depo.gal).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026004327.

2. Nomear director de obra ao enxeñeiro Alejandro Marín Gómez Nieves, Xefe de Sección de proxectos do Servizo de Cooperación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

3. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905), Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saúde na obra " Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello de Baiona)", por un importe de 4.718,88 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....3.899,90 €
IVE (21%) ..... 818,98 €
Importe Total.....4.718,88 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/942.9429.652.09 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https:/ /sede.depo.gal).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026030780.

21.37913.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "RESTAURACIÓN PAISAXÍSTICA E ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL DOS XARDÍNS DE SANTA CLARA (CONCELLO DE PONTEVEDRA). (EXPTE.2026060098)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, como entidade titular do Museo de Pontevedra, debe garantir a adecuada conservación, recuperación, protección e posta en valor dos inmobles e espazos que integran o patrimonio afecto a esta institución, así como asegurar que estes reúnan as condicións necesarias de funcionalidade, seguridade, accesibilidade e conservación para o adecuado desenvolvemento das funcións propias do servizo público cultural.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

Resultando.- Que no ano 2023 incorporouse ao patrimonio provincial o Recinto Conventual e Templo de Santa Clara, coa finalidade de ampliar os espazos do Museo de Pontevedra e mellorar as súas capacidades funcionais, expositivas e culturais. O recinto, cunha superficie aproximada de 12.860 m², comprende, ademais dos espazos construídos, unha parte substancial de espazos libres, xardíns, horta e áreas arboradas que presentan un elevado valor histórico, ambiental, paisaxístico e cultural.

Resultando.- Que a recuperación e posta en valor destes espazos exteriores constitúe, polo tanto, unha actuación directamente vinculada aos fins propios do Museo de Pontevedra e á súa progresiva integración no conxunto museístico provincial, ao permitir a conservación dun ben integrante do patrimonio público provincial, a súa adecuada utilización e a súa apertura progresiva ao uso e goce da cidadanía.

Resultando.- Que a actuación atópase directamente vinculada cos fins propios da provincia previstos no artigo 31 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en canto se orienta á satisfacción dos intereses xerais provinciais mediante a protección, conservación e posta en valor do patrimonio público e o desenvolvemento de actuacións de interese cultural de ámbito provincial.

Resultando.- Que do mesmo xeito, a actuación resulta coherente cos deberes de conservación, mantemento, rehabilitación e posta en condicións adecuadas de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato dos bens inmobles e dos espazos vinculados ao patrimonio construído, nos termos previstos no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo arquitecto paisaxista Martín Toimil Mato, e os arquitectos Aida Janeiro Rama e Abel Mato Meijome, adscritos á empresa Promove Arquitectura, o proxecto de obras "Restauración paisaxística e acondicionamento funcional dos xardíns de Santa Clara (Concello Pontevedra)", cun orzamento base de licitación de 868.841,95 € euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: KTU1FDLGEREGSGVK.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibiuse no Servizo de Contratación providencia do Vicepresidente, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Restauración paisaxística e acondicionamento funcional dos xardíns de Santa Clara (Concello Pontevedra)"

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/333.3330.631.01, dentro do proxecto de gasto nº 2022068178, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 12026000213508, por importe de 868.841,95 €.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV PUGI6YMIKIRJ8H30, informe favorable de fiscalización do proxecto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 0E9ZS0GIVPSOS29X, informe de supervisión do proxecto, emitido por Dona Sara Piñón Esteban, arquitecta do Servizo de Arquitectura, que recolle o seguinte: *"...revisada a documentación escrita e gráfica do Proxecto de Restauración paisaxística e acondicionamento funcional dos Xardíns de Santa Clara conforme ao establecido no artigo 136 do Regulamento da Lei de Contratos, conclúese que se axusta ao esixido no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que, salvo vicios ocultos, considérase que cumpre co establecido nas normas contractuais, e, polo tanto, emítese informe de supervisión favorable aos efectos da aprobación do referido proxecto...".*

Resultando.- Que o proxecto inclúe indicación expresa sobre a conformidade das actuacións proxectadas coa normativa xeral de ordenación do territorio e/ou urbanística vixente que resulte de aplicación, a dispoñibilidade dos terreos e a necesidade ou non de dispoñer de licenzas, permisos, autorizacións e/ou informes sectoriais, así como de avaliación ou declaración en materia ambiental.

Consta no expediente Convenio de cesión (CSV: PLWEE1G86ACWZMA8) e Certificación rexistral da propiedade (CSV: NS4NCHFB0UOE1DMZ).

Resultando.- Consta no expediente con CSV: OBHCYCD0H7JWZ4Q1, autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Asemade consta tamén no expediente con CSV: FYSJQL1752QH93SR, xustificante da solicitude de licenza urbanística ante o Concello de Pontevedra, e que se atopa actualmente en fase de tramitación administrativa.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Restauración paisaxística e acondicionamento funcional dos xardíns de Santa Clara (Concello Pontevedra)", redactado polo arquitecto paisaxista Martín Toimil Mato, e os arquitectos Aida Janeiro Rama e Abel Mato Meijome, adscritos á empresa Promove Arquitectura, cun orzamento base de licitación de 868.841,95 € euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: KTU1FDLGEREGSGVK.

22.37914.- COMUNICACIÓNS; non houbo.

23.37915.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo.

24.37916.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:GZ86Y0E0IFW3L5EM